



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



AVICULTURA ARTESANAL

NA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS

GUÍA PARA PERSOAS NOVAS

ENTRANTES



**XUNTA
DE GALICIA**



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

Este documento foi elaborado polo [Grupo Operativo TERRACTIVA](#). TERRACTIVA desenvolve ferramentas de apoio á incorporación no sector agrario de persoas novas entrantes. Son organizacións parceiras do proxecto a Escola de Formación Agraria de Fonteboa, a cooperativa Horsal, a Fundación Juana de Vega, o Grupo de Desenvolvemento Rural de As Mariñas-Betanzos e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela. Colaboran a Asociación Slow Food Compostela e os produtores de Granxas de Lousada SC.

O proxecto TERRACTIVA foi beneficiario das axudas para a execución de proxectos dos Grupos Operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Novembro, 2024

Elaboración: Nicolás Ron e Miguel Fernández (Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos) , Sergio Boado (Granxas de Lousada), Quico Ónega , Nieves Pérez e Guillermina Fernández (Laboratorio do Territorio - USC), Elena López (Fundación Juana de Vega),

DOI: [10.5281/zenodo.14800704](https://doi.org/10.5281/zenodo.14800704)

Licencia: Este traballo publícase baixo unha licencia Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



Introdución.....	7
1.1.Aorixedaguía:oGrupoOperativo TERRACTIVA.....	8
1.2.A guía de apoio as persoas novas entrantes na avicultura artesanal na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas:“Cultiva nas mariñas”	10
1.3.Avicultura artesanal.	10
Os axentes do territorio	12
2.1.Grupo de desenvolvemento rural Mariñas Betanzos.....	13
2.2.Os axentes interlocutores.....	15
2.2.1. <i>Entidades de aconsellamento</i>	15
2.2.2. <i>Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural</i>	16
2.2.3. <i>Técnicos locais de emprego</i>	17
2.2.4. <i>Rede de polos de emprendemento e apoio ó emprego</i>	18
2.2.5. <i>Cooperativas agrarias</i>	18
2.2.6. <i>Organizacións profesionais agrarias</i>	19
2.2.7. <i>Consellos Reguladores</i>	20
2.2.8. <i>Asociacións de Criadores</i>	20
2.2.9. <i>Outras entidades de apoio ao emprendemento.</i>	21
Etapas de instalación e recursos existentes no territorio	24
3.1.Clarificación – reflexión da Idea de proxecto	25
3.2.Materialización da idea: Avicultura artesanal. Necesidades e recursos.	27
3.2.1. <i>Adquirir competencias técnicas axeitadas. Formación e asesoramento.</i>	27
3.3.Comercialización: estudo e exploración do mercado.	30
3.3.1. <i>Canles curtas de comercialización (CCC)</i>	31
3.3.2. <i>Mediante distribución ou intermediarios.</i>	33
3.3.3. <i>Provedores dunha empresa distribuidora ou gran superficie</i>	33
3.3.4. <i>Provedores dunha empresa transformadora</i>	33
3.4.A localización do proxecto. Analizar o contexto do territorio e os servizos dispoñibles. 33	
3.5.Dimensionar o proxecto, a actividade: O plan de negocio.....	35
Inicio da actividade e posta en marcha do proxecto	36
4.1.Titularidade da explotación. Forma xurídica	37
4.2.Trámites administrativos.....	37
4.2.1. <i>Municipais</i>	37
4.2.2. <i>Rexistros Xerais</i>	38
4.2.3. <i>Permisos específicos das explotacións gandeiras</i>	39

4.3. Financiación e axudas	40
4.3.1. <i>Axudas no marco da Política Agraria Común.</i>	41
4.3.2. <i>Axudas LEADER.</i>	41
4.3.3. <i>Posibilidades de Financiación do proxecto.</i>	41
4.4. Xestión técnico-económica.	41
4.5. A comercialización dos produtos.	42
4.5.1. <i>Comercialización de ovos.</i>	42
4.5.2. <i>Comercialización de carne e sacrificio en explotacións</i>	43
4.6. Marcas de calidade.....	44
4.6.1. <i>Reservas da Biosfera</i>	44
4.6.2. <i>Razas autóctonas.</i>	45
4.6.3. <i>Producción ecolóxica.</i>	45
4.6.4. <i>Marcas de calidade alimentaria ou marcas de garantía</i>	45
Recursos e ferramentas.....	46
Normativa de interese.....	74



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Introducción



1. INTRODUCCIÓN Á GUÍA

1.1. A orixe da guía: o Grupo Operativo TERRACTIVA

O Grupo Operativo TERRACTIVA nace co obxectivo de ofrecer recursos técnicos e de mellorar as capacidades dos homes e mulleres que entran por primeira vez na agricultura (en diante NE ou persoas NE) no seu proceso de incorporación á agricultura.

Este Grupo Operativo tenta contribuír a mitigar o gran problema que supón o reto demográfico no sector agrario galego, máis intenso que na media da UE, onde o groso da remuda xeracional e remuda familiar se concentrou en determinadas áreas interiores, onde xa se consolidaron os sectores de vacún de leite e carne de maiores dimensións.

O relevo familiar clásico non é suficiente o que fai necesario contemplar novas tipoloxías de relevo que inclúan a incorporación de persoas alleas ao sector, as chamadas persoas novas entrantes.

Antes de comezar un proxecto agrogandeiro é imprescindible ter pensado, simulado e plasmado cada detalle do proxecto, desde a parte produtiva ata o cliente final. Sempre é máis doado afrontar una baixa rendibilidade sobre o papel que sobre o capital persoal.

A Comisión Europea, nas súas recomendacións a España no marco da elaboración dos Plans Estratéxicos da PAC, destacou a necesidade de redobrar os esforzos para lograr superar o desafío da remuda xeracional na agricultura mediante a redución dos obstáculos de entrada no sector (Comisión Europea, 2020).

Os NE son recoñecidos como axentes con capacidade para aumentar os niveis de innovación e sostibilidade económica e medioambiental nas granxas da UE (Regidor, 2012). Na última década os NE foron recibindo paulatinamente maior atención nos eidos académico, técnico e político. Isto levou á

visualizar a necesidade de iniciativas orientadas a realizar un apoio específico para potenciar a súa relevancia cuantitativa e cualitativa no conxunto de persoas que se incorporan ao sector agrario. Non obstante, existen aínda eivas no coñecemento dos perfís e das necesidades específicas desta tipoloxía de agricultores que favorezan o deseño dun “apoio á incorporación á medida”.

Conscientes desta realidade, o consorcio do Grupo Operativo TERRACTIVA, ademais de caracterizar os perfís e itinerarios das persoas NE en Galicia, pretende desenvolver unha serie de ferramentas para mitigar as barreiras máis críticas que estas persoas emprendedoras enfróntanse. Estas barreiras inclúen o acceso á terra, o acceso á información e o acceso aos mercados.

No ámbito do GO TERRACTIVA, considéranse como nova ou novo entrante a **“toda persoa que non tendo desenvolvido unha actividade agraria previa (a nivel profesional), comece unha actividade económica de carácter agrícola e/ou gandeiro como titular de explotación, que non sexa por sucesión nun horizonte temporal de 10 anos.”**

Tralo traballo de caracterización realizado polo **GO TERRACTIVA** (dispoñible para descarga na páxina web do grupo operativo), destacamos que no caso galego, os NE comparten a característica de basear os seus proxectos en enfoques alternativos á agricultura convencional, xa sexa a través de modelos agroecolóxicos (certificado ou non).

Este Grupo Operativo aborda o reto demográfico no sector agrario galego, máis intenso que na media da UE, onde o groso da remuda xeracional é remuda familiar e se concentrou en determinadas áreas interiores, onde xa se consolidaron os sectores de vacún de leite e carne de maiores dimensións. O relevo familiar clásico non é suficiente fóra dos sectores mencionados anteriormente, o que fai necesario contemplar novas tipoloxías de relevo que inclúan a incorporación de persoas alleas ao sector -os chamados novos entrantes.



A Comisión Europea, nas súas recomendacións a España no marco da elaboración dos futuros Plans Estratéxicos da PAC, destaca a necesidade de redobrar os esforzos para lograr superar o desafío da remuda xeracional na agricultura mediante a redución dos obstáculos de entrada no sector.

No marco do Grupo Operativo TERRACTIVA desenvóléronse ferramentas para axudar a abordar as barreiras máis críticas para as persoas novas entrantes como, entre outras, o acceso a terra, o acceso á información, e o acceso aos mercados.

Ademais desta guía, o proxecto elaborou outros documentos de interese, como por exemplo:


- Guía [Aterrando no sector agrario: Como apoiar ás persoas novas entrantes no acceso á terra?](#)
- Unha [metodoloxía](#) para avaliar a oferta potencial de terras agrarias

aptas para acoller actividades agrarias a nivel parroquial, que foi aplicada [ao territorio da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas](#).

- Unha [escolma de experiencias inspiradoras](#) no apoio ao acceso á terra a persoas novas entrantes.
- [Guía para apoiar ás persoas novas entrantes na agroecoloxía](#)

A [Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos](#) tamén preparou unha guía específica de apoio á incorporación no sector da horta nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Todos estes produtos e máis información de interese pódese atopar no portelo <https://cultivanasmariñas.gal/> no que tamén se pode acceder ao [visor online](#) no que identificar recursos de interese no territorio da Reserva.




SOBRE O PROXECTO

Iniciar un proxecto agrario

A agricultura ofrece moitas oportunidades laborais e vitais.

Incorporarse á agricultura é un proxecto de investimento para o futuro.





1.2. A guía de apoio as persoas novas entrantes na avicultura artesanal na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas: “Cultiva nas mariñas”.

Esta guía está adaptada ao contexto territorial da Reserva da Biosfera “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo”, que abarca 17 municipios na provincia da Coruña: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza – Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado. O seu Órgano Xestor é a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos. Polo tanto, as referencias e os interlocutores están vinculados ó ámbito específico desta área.

A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, en adiante RB MCeTM, é unha das Reservas da Biosfera máis poboadas de España, dispoñendo ademais dun gran centro de consumo na zona de influencia, como é a cidade da Coruña, o que supón unha grande oportunidade para a comercialización de produtos alimentarios orixinarios deste territorio. Por isto se desenvolveu un [plan alimentario](#) centrado no fomento das producións agroecolóxicas e os circuítos curtos de comercialización. Ademais, a Reserva conta cun distintivo de calidade que permite a posta en valor destas producións de calidade. Estas características fan da RB MCeTM un territorio idóneo para as pequenas producións agroecolóxicas e para o establecemento de persoas novas entrantes.

Un dos sectores que se considera de interese é o da avicultura artesanal. Dende o GDR tense detectado un aumento no número de persoas interesadas nesta actividade. É unha actividade que pode acometerse con facilidade dende un inicio como NE, sen ter que realizar unha gran inversión. Cómpre destacar que a avicultura artesanal ten que ser entendida como unha actividade complementaria á renda, pois como única actividade pode non ser o suficientemente rendible. Porén, pode

supoñer unha parte moi interesante do proxecto produtivo, compatible e mesmo positivo para as outras producións contempladas.

1.3. Avicultura artesanal.

Actualmente hai un interese crecente pola instalación de pequenas granxas que están a ser un importante complemento á renda agraria, en liña co incremento do tipo de consumidores que demandan o produto. A pesar da súa dimensión económica, normalmente pequena ou media, a importancia dos sistemas tradicionais radica na súa función contributiva na promoción e mantemento das razas autóctonas, na creación de rendas agrícolas complementarias, na produción de alimentos diferenciados e, en última instancia, no apoio ao mantemento de poboación no medio rural.

No caso da avicultura, Galicia foi unha rexión na que sempre existiron pequenos galiñeiros de autoconsumo nos que se criaban as razas autóctonas ou híbridas. As razas foráneas foron pouco a pouco desprazando as locais. Actualmente a única raza autóctona galega recoñecida oficialmente é a [Galiña de Mos](#). Ademais, un grupo de produtores está a traballar para o recoñecemento oficial da [Galiña Piñeira](#) como raza autóctona, e a súa inscrición no catálogo correspondente.

A avicultura artesanal é unha actividade perfecta para compatibilizar coa horta, pois pódense aproveitar os excedentes da mesma para a alimentación dos animais e as dexeccións dos mesmos son un excelente abono (galiñaza) para a produción hortícola.

A avicultura artesanal defínese como o sistema produtivo de explotación de aves baseado nun sistema de cría por medios e sistemas tradicionais, cunha produción de escaso volume e baseada principalmente no uso dos recursos propios da explotación. Cómpre destacar que a avicultura artesanal supoñerá unha renda agraria complementaria, pero non será economicamente viable, pola dimensión máxima autorizada, como actividade única.



O crecemento dos pequenos produtores avícolas veuse favorecido pola publicación do Decreto 216/2011, do 10 de novembro, da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, polo que se establecen as normas zootécnicas e sanitarias das producións avícolas artesanais e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Avícolas Artesanais (RGEAA) (DOG do 24 de novembro de 2011). Ata ese momento, as normas de aplicación eran as mesmas para un pequeno produtor que para os galiñeiros de avicultura industrial intensiva.

O artigo 2 do devandito decreto establece as pautas para a consideración dunha explotación como de avicultura artesanal, sendo as seguintes:

- a) Explotacións de aves de cría poñedoras de ovos de consumo ata unha capacidade máxima de 50 aves adultas.
- b) Explotación de aves de explotación poñedoras de ovos para incubación, ata unha capacidade máxima de 50 aves adultas.
- c) Explotacións de aves de explotación de produción de carne (polos, galos, capóns) ata un máximo de 400 aves de cebo ao ano.

Estas pequenas producións avícolas presentan unha serie de vantaxes, tanto sanitarias como comerciais, fronte á avicultura comercial.

- A avicultura artesanal conta cun control sanitario específico realizado no Decreto 216/2011, do 10 de novembro, antes citado.
- No ámbito da comercialización mediante venda directa, as explotacións con menos de 50 galiñas poñedoras están exentas da obriga de marcar os ovos (Real decreto 226/2008).
- Mantense a distancia mínima de 500 metros cara a outras explotacións avícolas ou elementos que poidan provocar a transmisión de zoonoses. Redúcese a 250 metros se a outra explotación é tamén avícola artesanal.

A explotación debe cumprir cuns requisitos mínimos:

- A granxa ten que ter un peche, de tal xeito que as súas galiñas ou polos non poidan saír da granxa nin entrar en contacto con outros animais. Este peche pode ser de tela metálica ou malla gandeira, non ten porqué ser de construción (ladrillo, bloque, etc).
- Dispositivos de limpeza e desinfección axeitados.
- Galiñeiros sinxelos e comedeiros e bebedeiros suficientes.
- Dispoñer de auga de calidade, de abastecemento público ou de abastecemento privado. Neste caso, xustificarase cunha análise de aptitude para consumo cada seis meses.



Os axentes do territorio

2. OS AXENTES DO TERRITORIO

2.1. Grupo de desenvolvemento rural Mariñas Betanzos

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos é a responsable da aplicación do programa LEADER no territorio da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (RB-MCTM) constituíndose así como un Grupo de Desenvolvemento Rural. Ademais, é a entidade xestora da Reserva.

Os grupos de desenvolvemento rural son entidades dinamizadoras do medio rural e claves no referente ás políticas de fixación da poboación e contribúen directamente á loita contra a desocupación do agro e o seu abandono. Nese senso, no seu Plan Estratéxico 2023 -2032, a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo dá prioridade a liñas de actuación relacionadas coa promoción da fixación de poboación nas zonas máis rurais da Reserva, así como a incorporación de novas persoas a vivir da agricultura (Novos entrantes) ou o fomento do consumo de produtos de temporada, ecolóxicos e de proximidade en comedores colectivos, como ferramenta para mitigar o cambio climático e a creación de emprego.

Dende a Asociación ofrécese información xenérica para facilitar o acceso a recursos do territorio (dende inmobiliarias para o aluguer de vivenda, tendas e agro servizos próximos, outras oficinas de apoio, etc.) pero tamén específica, poñendo incluso en contacto directo ás persoas novas entrantes con puntos de información e informantes locais. Así, podemos axudar a superar barreiras que as persoas entrantes por si soas non poderían superar, aínda que chegasen a coñecer a estes axentes ou informantes locais.

A integración nos fluxos de información local é unha oportunidade para o desenvolvemento das actividades de NE, que se irá introducindo no contexto local e as súas dinámicas pouco a pouco. Tamén o é para comezar a indagar a

posible acollida da nova iniciativa e, de se-lo caso, aproveitar para resaltar o positivo que a mesma pode aportar para a zona. Gañar apoio da veciñanza e axentes locais nas primeiras etapas é algo dun gran valor estratéxico.

Os GDR colaboran na xestión da medida LEADER da Unión Europea, que se aplica en zonas rurais mediante fondos FEADER, entidades que compren e executan a metodoloxía LEADER que se leva a cabo a través de “procesos de abaixo cara arriba”. Os GDR están constituídos por unha asociación ou Grupo de Acción Local que agrupa a organismos públicos (concellos), e colectivos de representación social, veciñal, empresarial, asociacións, etc. do territorio que abarca o GDR. No caso do GDR23, trátase da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos, que é tamén o Órgano Xestor da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

Os GDR deseñan unha estratexia para o territorio para un período LEADER concreto co fin de que xurdan proxectos que se poidan financiar con fondos do programa. As liñas de actuación prioritarias de cada GDR recóllense nestas estratexias de desenvolvemento local (EDLP) para cada período de programación.

As axudas poden ser solicitadas por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, por entidades públicas de carácter local ou comarcal (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades independentes das anteriores) e por comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Os proxectos que poden recibir axudas deben estar localizados no ámbito territorial do GDR, ser viables técnica e financeiramente (e, no caso de ser produtivos, tamén deben ser viables economicamente), teñen que cumprir coa normativa sectorial aplicable, non estar iniciados cando se presente a solicitude para a subvención e poder ser encadrados na estratexia de desenvolvemento aprobada polo GDR.

Na maioría dos GDR as liñas de desenvolvemento do plan 2014 - 2020 perseguían uns obxectivos de inserción de mozos no rural e fixación de poboación en si. Na súa estratexia 2023 - 2027 manteñen unha alta prioridade a proxectos que vaian dirixidos a promover un modelo alimentario máis sostible e aqueles que teñan encaixe no [Plan de Xestión 2023 - 2032](#) da Reserva da Biosfera MCeTM.

Os GDR Seitura 22, Limia-Arnoia, Mariñas-Betanzos, Terra Cha e EU Rural puxeron en marcha o proxecto [Nó Rural](#) unha rede para animar a incorporación de persoas no sector primario, fomentar o emprendemento e a mellora da empregabilidade, conectando as empresas das áreas rurais e o talento da mocidade, mellorar a coordinación e o traballo en rede das administracións públicas, empresas, centros educativos e universidades.



Figura 1. Territorio da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Así, dende a Asociación Mariñas Betanzos (RB MCTM) **apoiamos a novos entrantes do seguinte xeito:**

- **Informando.** Proporciónase información xeral de interese para o novo entrante, en diferentes ámbitos relevantes, adaptada ao noso territorio e para o sector da avicultura artesanal. Por exemplo, sobre:
 - **Acceso a terra:** oferta da zona, características das terras dispoñibles, modelos de contratos...
- **Recursos formativos e informativos:** accións formativas ofertadas por diferentes axentes en diferentes ámbitos, guías ou materiais técnicos dispoñibles e de utilidade para os NE .
- Posibilidades de financiación, axudas e subvencións de interese para o comezo do proxecto.
- **Información xenérica sobre axentes ou entidades que presten apoio especializado concreto:** solicitude de

axudas, elaboración de proxectos, elaboración de plan de empresa, etc.

- **Facilitando.** Tamén se elabora información *ad hoc* para situacións concretas, en función do perfil e necesidades da NE en cuestión. Para iso precisase dun maior coñecemento do proxecto da persoa NE e, polo tanto, esixe unha maior interacción con elas e dedicación, particularizada a cada caso. Por exemplo:
 - **Podemos organizar e/ou impartir accións de formación** para as persoas NE relevantes para a produción de avicultura artesanal
 - **Informamos sobre outros axentes da contorna que prestan apoio especializado concreto:** solicitude de axudas, elaboración de proxectos, elaboración de plan de empresa etc. Isto abórdase no seguinte apartado.

2.2. Os axentes interlocutores

Nesta sección recóllese unha listaxe de axentes e **interlocutores adicionais que poden acompañar ás persoas novas entrantes durante o proceso de instalación no territorio da RB MCeTM**. Describimos as súas fortalezas principais e a localización espacial no territorio.

- Entidades de aconsellamento.
- Oficinas Rurais.
- Técnicos locais de emprego.
- Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.
- Cooperativas Agrarias
- Organizacións profesionais agrarias
- Consellos reguladores
- Outras entidades de apoio ao emprendemento.

2.2.1. Entidades de aconsellamento

As entidades de aconsellamento son, no caso galego, entidades privadas que se dedican a aconsellar ás persoas agriculturas sobre a xestión de terras e explotacións.

A Xunta de Galicia conta cun rexistro de entidades con servizo de asesoramento e xestión. Este rexistro recibe o nome de **RESAXEGA** e o acceso realízase a través da seguinte ligazón: <https://ovmediorural.xunta.gal/es/tramites/resaxega#>

No caso das entidades inscritas no RESAXEGA que presten servizo a explotacións agrarias, a actividade de aconsellamento vai desde o diagnóstico da situación á proposta e execución de melloras relativas a:

- Requisitos legais de xestión, relativos a saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal, medio ambiente e benestar dos animais.
- Boas condicións agrarias e ambientais.
- Normas relativas á seguridade laboral segundo a lexislación comunitaria
- As relacionadas co inicio da súa actividade, no caso de persoas agricultoras mozas.
- A información correspondente ás medidas de acción positiva desde a vertente de xénero.

No territorio da RB MCeTM encontramos as seguintes entidades de asesoramento rexistradas no **RESAXEGA**:

- O Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos (Abegondo) - info@marinasbetanzos.gal - 981 669 541
- Aimer Agronomía S.L.U (Curtis) - ingenieria@aimer.es - aimer@aimer.es - 981 777 107
- Coop. Agraria provincial da Coruña (Arteixo) - capcoruna@capcoruna.com - 981 647560

Fóra do territorio, pero de interese pola proximidade ou pola especificade da agricultura artesanal, destacamos:

- Asociación de Gandeiros de Canle (A Coruña) - gandeiros.acanle@gmail.com
- Melisanto SGC (Melide) - info@melisantos.com - 981506026
- ADSGESTION, SCG (Guitiriz) - adsgestion@adsgestion.com - 982370142
 - Coba de Vales SCG (Mesía)
 - AGRIS SCG (Friol)
 - CODEGUI SCG (Guitiriz)
 - Agrotécnica Friol S.L.U. (Friol)
 - AVIMÓS - asociacion@avimos.org - 634 54 86 00. Pola súa relevancia para a avicultura artesanal, apórtase máis información nun apartado posterior.

Complementariamente, desde o ano 2021 comezou a funcionar a [Asociación de Asesores Rurais de Galicia](#), que reúne a profesionais con especialización no ámbito da agricultura, gandería, silvicultura, xestión económica ou desenvolvemento rural e que realizan labores de aconsellamento ás explotacións agrogandeiras. A través deles é posible contactar con expertos en diferentes tipoloxías de explotacións agrogandeiras capaces de acompañar as iniciativas dos NE nas diferentes fases do seu proxecto de implantación.

2.2.2. Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural.

Trátase das antigas Oficinas Agrarias Comarcais. Teñen como función principal prestar apoio administrativo, e en ocasións técnico, ás actuacións da Consellería do Medio Rural en materia agrogandeira. No territorio da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” existen tres Oficinas Rurais, situadas nos concellos de Cambre, Betanzos e Curtis.

Aos efectos da avicultura artesanal o persoal das OR é o responsable de tramitar as altas nos rexistros gandeiros e de explotación, así como

de informar sobre a diferente normativa sectorial de aplicación. A este respecto, nas OR atópanse os Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería, a onde é recomendable acudir para ter información actualizada da normativa en materia de sanidade e benestar animal, moita dela de obrigado cumprimento e que condiciona outros aspectos do deseño da proxecto (comezando pola propia ubicación da granxa). Estas Oficinas tamén son os lugares prioritarios para informarse e tramitar, de se-lo caso, as axudas da Política Agrícola Común, como as axudas á incorporación de novos agricultores, entre outras. Nalgúns casos, tamén ofrecen un acompañamento integral nos novos proxectos de incorporación na agricultura, algo que pode ser de gran interese para a persoa NE.

Os datos de contacto destas oficinas pódense consultar na páxina de [datos abertos](#) da Xunta de Galicia, onde tamén se dispón dun buscador que permite localizar as oficinas nun [mapa](#).

As Oficinas Rurais que encontramos no noso territorio son:

- Oficina Rural de Cambre - oac.seca.cambre@xunta.gal - 981674627. Os seus concellos de actuación son Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Abegondo, Carral e Bergondo.
- Oficina Rural de Betanzos - (oac.seca.betanzos@xunta.gal - 881960206) Os seus concellos de actuación son Betanzos, Paderne, Miño, Irixoa, Coirós e Oza – Cesuras.
- Oficina Rural de Curtis - oac.seca.teixeiro@xunta.gal - 881880641. Os seus concellos de actuación son Aranga, Curtis e Sobrado.
- Tamén existe a [Oficina Virtual do Medio Rural](#), que se crea co obxectivo de simplificar a relación da cidadanía e as empresas coa Administración no ámbito do Medio Rural, mediante a prestación de servizos online e xestións administrativas de acceso único. A través da mesma pódense realizar numerosos trámites e solicitudes.

2.2.3. *Técnicos locais de emprego*

- Promoción do emprendemento como oportunidade de emprego.
- Asesoramento e acompañamento na posta en marcha dos proxectos de empresa.
- Apoio en xestión empresarial para empresas xa constituídas durante as súas primeiras etapas de funcionamento.
- Identificación e difusión no territorio de novas oportunidades de negocio e de emprego.
- Dinamización de recursos infrautilizados e de iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.
- Difusión e estímulo de oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como de institucións colaboradoras.
- E outras actividades que contribúan á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas coa creación de actividade empresarial apegada ao territorio.

- Concello de Abegondo: José Manuel Rodríguez Costa. 981647996; 608366854. adl@abegondo.gal
- Concello de Aranga: María del Pilar 981793551 pilar.lage@aranga.gal
- Concello de Arteixo: Cesar Rodríguez Ventureira (9816405 cesar.rodriguez@arteixo.org)
- Concello de Bergondo: Alberto Rilo Nogueira 981791252 alberto.rilo@bergondo.gal
- Concello de Miño: M^º Angeles Pantin Morado
- Concello de Cambre: Beatriz Castro Pico 981613196 beatrizcastro@cambre.org
- Concello de Culleredo: Mireia [981664204 mireia.garciacastro@culleredo.es](mailto:mireia.garciacastro@culleredo.es)
- Concello de Coiros
María José Dobén Farald 981796414 maria@coiros.es
Pablo 981796414 pablo@coiros.es
- Concello de Sobrado dos Monxes: Oscar [981787508; oscar.ramos@sobrado.es](mailto:oscar.ramos@sobrado.es)
- Concello de Oleiros: Bárbara Caramés Abeijón
- Concello de Oza – Cesuras: Beatriz Seoane Perez: [981792000 beatriz.seoane@concellodeozacesuras.es](mailto:beatriz.seoane@concellodeozacesuras.es)
- Maria Carmen Vazquez Juncal 981732000 carmen.vazquez@concellodeozacesuras.es
M^º Sandra Nuñez 981792001 sandra.sanchez@concellodeozacesuras.es
- Concello de Paderne: 981797001 pamela.anido@concellodepaderne.com

2.2.4. Rede de polos de emprendemento e apoio ó emprego

Os Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego son oficinas con persoal técnico asesor distribuídos por toda a xeografía galega. Traballan para impulsar e consolidar proxectos de emprendemento que teñan unha vinculación coa súa área ou contorna, ofrecendo un acompañamento e asesoramento continuado. Contan todos cunha metodoloxía común, pero adaptada a cada proxecto en titorización.

Figura 3. Portal XATEmprego



Fonte: <https://es.xatemprego.gal/info/la-red-xatemprego>

O persoal dos Polos de Emprendemento do territorio poden axudar a madurar a idea do proxecto así como a desenvolver o plan de explotación para guiar a posta en marcha da nova explotación avícola. Por iso, aínda que non están especializados especificamente na agricultura, pórse en contacto con algún deles é de gran utilidade nas primeiras fases da iniciativa, sobre todo se non se ten experiencia empresarial previa.

Dende os polos préstaselle axuda a ideas que aínda non están postas en marcha, proxectos en funcionamento que queren mellorar, ou mesmo persoas que queren emprender pero non contan cunha idea de negocio.

A rede de polos ofrece, ademais do apoio personalizado, numerosas ferramentas gratuítas de apoio aos emprendedores:

- Ferramenta SIE (Sistema de intelixencia territorial para o emprendemento) de análise da contorna.

- O programa retorna, que é un paquete de medidas co obxectivo de favorecer a integración no mercado laboral das persoas retornadas.
- A sección de axudas para emprendemento.
- Accións de formación, difusión e networking para emprendedores.

Se a persoa emprendedora non conta cun polo no seu territorio pode recibir a mesma atención noutro, debido á súa metodoloxía e conexión en rede. Este servizo depende da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Dentro do territorio contamos cos seguintes Polos:

- Polo coordinador situado no concello de Oleiros e xestionado pola Fundación Juana de Vega. (Avenida Salvador Allende, 92 San Pedro de Nós, 15176 (Oleiros) coordinacion@polosemprendemento.gal 881927528
- Polo de emprendemento de Melide; ten no seu ámbito de actuación ao concello de Sobrado. Os datos de contacto son: C/ Convento nº 1, 15800 (Melide) melide@polosemprendemento.gal 601530627
- Polo de emprendemento de Ferrol; ten no seu ámbito de actuación aos 16 concellos restantes da RB MCTM. A Cabana s/n, 15590 (Ferrol). ferrol@polosemprendemento.gal 881926494

2.2.5. Cooperativas agrarias

As cooperativas agrarias asocian titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, e teñen por obxecto o mellor funcionamento das explotacións, das súas persoas socias e a mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural.

A Xunta de Galicia conta cun [mapa das cooperativas de Galicia](#) no que aparecen

todas as cooperativas galegas clasificadas segundo a súa tipoloxía.

As cooperativas galegas están agrupadas en [asociacións de cooperativas](#). Entre as asociacións de cooperativas destacamos a [AGACA](#), a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias.

AGACA ten como misión a de representar e liderar as estratexias e accións que leven ao cooperativismo agroalimentario galego a destacar en todos os niveis económicos e sociais, así como promover a competitividade das cooperativas agrarias apoiándoas a través de prestarlles o asesoramento que precisen mediante os recursos humanos e materiais dispoñibles. Todo isto co obxectivo ou a visión de conseguir un modelo de cooperativismo de maiores dimensións e máis competitivo que defenda de forma eficaz as rendas de todos os profesionais da agricultura e gandaría galegas, nun mercado globalizado, perseguindo a concentración da oferta de produtos agroalimentario e da integración cooperativa.

Os servizos ofertados en AGACA son de consultoría, formación (teórica e práctica), de seguros (conta cun servizo personalizado de calidade, profesional e con prezos competitivos a través dunha correduría de seguros referente no sector de seguros de Galicia, UCOGA), de asesoramento en calidade, hixiene e seguridade alimentaria.

AGACA conta cun buscador online que permite coñecer información sobre as cooperativas que forman. O buscador ofrece un filtro por sector, provincia e mesmo permite buscar polo nome (<https://agaca.coop/cooperativas/>). Actualmente contabilízanse máis de 200 cooperativas agroalimentarias en activo en Galicia.

No territorio da RB-MCTM localízanse varias, aínda que ningunha delas centrada especificamente na avicultura. Porén, moitas delas ofrecen produtos e servizos de interese e con frecuencia teñen tendas de subministración agrícola. Algunhas delas son tamén entidades de aconsellamento (como a

Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, CAP).

Algunhas das cooperativas recóllense na seguinte táboa, tamén se poden localizar no visor <https://cultivanasmarinhas.gal/visor/>

NOME	Actividade
EL PLANTEL COMARCAL DE BETANZOS S. Coop. Galega	Fábrica de penso, servizos de alimentación e venda de mercancía (Verdura)
CUSOVIAME S. Coop. Galega	Fábrica de penso e venda
COPORC, S. Coop. Galega	Fábrica de penso
S.A.T. QUEINAGA	Elaboración de queixo e derivados lácteos
ALCONGAL, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA	Servizos
ARTESANOS QUESEROS DE GALICIA S. COOP. GALLEGA	
IRIPA, S. COOP. GALLEGA	Actividades de apoio a la agricultura, actividade gandeira e preparación posterior da colleita
RIO LAMBRE DE IRIXOA, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA	Servizos cultivos non perennes
San Simon De Cela S.c.l.	
AGRIGGA CARNE SOCIEDADE COOPERATIVA GALLEGA	Asociación de Produtores para comercialización.
Cabrinfolia S. Coop. Galega	Comercio ó por maior de froitas e hortalizas
CAXOCER, S. COOP. GALLEGA	Apoio a agricultura e gandería
LÚPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA, S.COOP.GALLEGA, S.L.	Produción agrícola combinada coa produción gandeira

2.2.6. Organizacións profesionais agrarias

Son organizacións profesionais agrarias que defenden os intereses dos produtores agrarios. A súa acción realízase a través da representatividade das persoas produtoras, a interlocución, a negociación, a mobilización e a prestación de servizos.

As presentes en Galicia son Unións Agrarias (**UA**), o Sindicato Labrego Galego (**SLG**), a Asociación Agraria de Galicia (**ASAGA**) e a Federación Rural Galega (**FRUGA**).

Prestan diversos servizos ás súas persoas asociadas, sobre todo de xestión, pero tamén de aconsellamento en diferentes eidos

Algunhas delas contan cunha rede comarcal de oficinas con persoal técnico especializado.

No territorio RB MCTM atópanse as seguintes oficinas:

- **Unións Agrarias** Rúa Ramón Espiñeira, 12, 15310 Teixeira, A Coruña
- **Sindicato Labrego Galego** Rúa Cruz Verde, 7, 15319 Betanzos, A Coruña

2.2.7. Consellos Reguladores

O **Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)** é a autoridade de control das producións ecolóxicas en Galicia e a súa función principal é auditar e certificar os produtos agroalimentarios ecolóxicos de Galicia. Encárgase tamén de xestionar o rexistro dos operadores ecolóxicos galegos e promover o consumo de alimentos ecolóxicos e divulgar os sistemas de produción ecolóxica. Calquera persoa produtora que queira certificar a súa produción como ecolóxica ten que inscribirse no CRAEGA.

A través da propia páxina web do CRAEGA (<https://www.craega.es/>) pódese realizar a inscrición como operador en ecolóxico a través dun formulario onde tamén se pode consultar a explicación sobre como inscribirse.

Trátase dunha entidade de carácter público e sen ánimo de lucro na cal se atopan representados o sector produtor, o elaborador, o comercial e a propia administración galega (<https://www.craega.es/>).

O CRAEGA mantén a súa actividade grazas aos ingresos que proceden das cotas dos operadores tal e como se establece a normativa europea de produción ecolóxica e, ao tratarse de funcións públicas conferidas pola administración, o CRAEGA tamén pode financiarse a través das axudas da consellería competente en materia agraria.

Na mesma web pódense consultar os operadores ecolóxicos certificados, filtrando por actividade, tipo de produto ou provincia;

ou buscando o nome do operador do que se quere obter información, directamente (<https://www.craega.es/es/buscador-de-productores/>).

Existen varias organizacións coas que o CRAEGA colabora, como a SEAE (Sociedad Española de Agricultura Ecológica y Agroecología). Esta conta cunha ampla axenda de cursos para a conversión á agricultura ecolóxica (<https://agroecologia.net/agenda-de-cursos/>) pero tamén conta na súa web con guías, manuais e revistas (<https://agroecologia.net/>).

2.2.8. Asociacións de Criadores

En avicultura artesanal, a asociación de criadores máis relevante é **AVIMÓS (Asociación de Avicultores da raza Galiña de Mos)**. Fundada no ano 2001 para a recuperación, conservación e fomento da raza Galiña de Mos, colabora na coordinación de tódalas actividades que se convocan en favor da conservación e promoción da raza, sendo punto de contacto entre os avicultores interesados na mesma. Ademais, como parte do seu traballo de aconsellamento, reciben promotores de novos proxectos produtivos.

Ademais, **AVIMÓS** é actualmente a única entidade que posúe un programa sanitario colectivo aprobado polo departamento da Xunta de Galicia con competencias na materia.

Para poder ser socio de **AVIMÓS** é necesario contar con esta raza en exclusividade (por motivos do mantemento da pureza racial).

Para aquelas persoas interesadas na Galiña Piñeira, no 2019 creouse **AGALPI**, a Asociación Galega para a Recuperación, Defensa, Produción e Promoción da Galiña Piñeira, con sede en Arzúa.

2.2.9. *Outras entidades de apoio ao emprendemento.*

2.2.9.1. **Fundación Juana de Vega**

Ten en funcionamento dende fai 12 anos o [programa de apoio a empresas agroalimentarias](#), trátase dun programa de formación e mentorización semipresencial no se que presta apoio e acompañamento a 10 iniciativas emprendedoras no medio rural.

O programa está aberto a empresas existentes ou novas iniciativas nos ámbitos agroalimentario, forestal, marisqueiro e pesqueiro de Galicia, ou outros sectores da bioeconomía, así como proxectos de base tecnolóxica e servizos relacionados cos anteriores, que se desenvolven no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa ten dúas liñas diferenciadas:

- Apoio a emprendedores para desenvolver ideas empresarias ou proxecto produtivos en etapas iniciais ou de posta en valor de activos rurais improdutivos. Neste caos todos os proxectos seguen unha mesma metodoloxía de traballo e reciben formación específica nas diferente etapas de desenvolvemento da idea e do modelo de negocio.
- Apoio a proxectos empresariais en funcionamento que necesitan axuda para consolidarse ou crecer. Neste caso as empresas reciben mentorización específica en diferentes ámbitos do negocio: revisión da definición e organización estratéxica, creación dun plan comercial ou de *marketing*, revisar plans de financiamento etc.

O programa ten convocatoria anual no último trimestre do ano e non ten custo para os participantes.

2.2.8.2. **Confederación de empresarios de Galicia** (<https://ceg.es/es>)

É unha organización privada independente co principal obxectivo de fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado da comunidade autónoma galega.

Céntrase na representación e defensa dos intereses xerais do empresario antes as institucións, organismos públicos e axentes sociais. Os seus servizos son de asesoramento e información, emprego e orientación laboral, formación, igualdade, responsabilidade social e prevención, servizo de licitacións internacionais SALT. A Confederación de Empresarios de A Coruña (<https://www.cec.es/>) conta con servizos de: asesoramento xurídico laboral, economía fiscal, comunicación, formación, prevención de riscos laborais, responsabilidade social, corte arbitral do noroeste, emprego e colocación, axudas e subvencións, negociación colectiva, organización de eventos, xestión administrativa, gabinete de igualdade, creación de empresas, escaparate virtual. Tamén contan cun espazo *coworking* e desde a súa páxina dun enlace ao punto de atención ao emprendedor (<https://paelectronico.es/es-es/Paginas/PagInicio.aspx>) onde se centralizan os trámites a realizar para poñer en marcha unha empresa e se resollen dúbidas.

2.2.8.3. **Centros de formación e experimentación agraria (CFEAs).**

Estes centros ademais da formación regrada, teñen unha oferta de formación continua con cursos, impartidos durante todo o ano e orientados a agricultores e gandeiros, como os cursos de aptitude empresarial agraria, de manipulador de produtos fitosanitarios e de mellora das explotacións e os cursos monográficos ou de especialización que se adaptan ás necesidades do momento.

Dentro do territorio da Reserva da Biosfera está o Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo, onde se oferta cursos

presenciais a través da súa [web](#). A maiores contan cun *programa de formación continua semipresencial e tamén telepresencial a través da plataforma de teleformación*:

- **APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS**
 - [Curso de Aplicador/Manipulador de Produtos Fitosanitarios. Nivel básico](#)
 - [Curso de Aplicador/Manipulador de Produtos Fitosanitarios. Nivel cualificado \(Curso Ponte\)](#)
 - [Curso de renovación do carné de nivel cualificado de Aplicador/Manipulador de Produtos Fitosanitarios](#)
- **BENESTAR ANIMAL**
 - [Capacitación en materia de Benestar Animal para Condutores/as e Coidadores/as de Vehículos de Estrada de Transporte de Animais Vivos](#)
 - [Capacitación en materia de Benestar Animal do Persoal de Explotacións Gandeiras](#)
- **GANDARÍA** (Manexo, sanidade e xestión ambiental)
 - [Formación para o persoal que traballe con Gando Avícola](#)

2.2.8.4. Centros de investigación (CIAM, LAFIGA, BANCO DE GERMOPLASMA)

Dentro do noso territorio destacamos o Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo ([CIAM](#)) cuxa función principal é a investigación e a transferencia do coñecemento. Proporciona algúns servizos de interese para os novos produtores, como pode ser a realización de análise de solos, de pragas e de enfermidades. Ademais en determinados ámbitos a persoa gandeira pode establecer convenios para a experimentación nas súas fincas.

2.2.8.5. Vendedoras/es de aves en ecolóxico

No caso da avicultura artesanal e se queremos rexistrar a nosa produción en ecolóxico é necesario contar cun centro certificado para a compra dos animais. De non contar con esta

posibilidade, poderíanse incorporar aves de menos de tres días e levar a cabo o preceptivo protocolo de vacinación. No caso da avicultura ecolóxica [Rosales Grupo Avícola SL](#) conta con cinco explotacións certificadas en ecolóxico para subministrar galiñas poñedoras ecolóxicas.

2.2.8.6. Criadores/as con dispoñibilidade de exemplares de Galiña de Mos

A Asociación de Avicultores da Raza Mos (AVIMOS) mantén a disposición do usuario unha relación de avicultores con dispoñibilidade de stock para a venda de exemplares desta raza autóctona. Podes acceder o listaxe de produtores no seguinte enlace:

http://www.avimos.org/ventas_de_ejemplares.html

2.2.8.7. Envasado de ovos en ecolóxico

Para poder comercializar os ovos en ecolóxico a través de venda indirecta é necesario o seu marcado e etiquetado a través de envasadoras rexistradas e certificadas. No territorio da RdB ou o seu entorno atopamos as seguintes:

- Ares Pintor, José Ángel Envasado de huevos Eggs packaging Rivas, n.º 2 - Ciudadela 15813 Sobrado - A CORUÑA Tel. 676807505 avicolajobe@gmail.com
- Asociación Raiña Paraíso. Raiña - Cabrui, Mesía 15685, A Coruña. asociacionraina@gmail.com
- S.A.T. Prado Picado Portoseco - Santaia - Teixeira, Curtis 15310, A Coruña 653140787, rocio_prado_picado@hotmail.com

2.2.8.8. Matadoiros con liña de sacrificio en ecolóxico

Para poder sacrificar os animais pódese contar con matadoiros que contan con liña avícola, ou

realizar o sacrificio dos animais na propia explotación cuns condicionantes ([ver apartado 4.5.2](#))

No territorio da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e arredores non hai matadoiros con liña avícola. O matadoiro e sa de despece Aves Suave SL, sito no municipio de Lugo, conta con liña avícola e ademais certificación en ecolóxica. Outro cercano, sen certificación ecolóxica, é [Avigrao. Avícola Grao](#), S.L.U., situado no Parque Empresarial de la Madanela, P.107-108, 15800 Melide, A Coruña. 981506485.

2.2.8.9. Comunidades e mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común

Un **Monte Veciñal en Man Común (MVMC)** é unha forma de propiedade privada colectiva da que son propietarios a veciñanza, a comunidade, con casa aberta e residencia habitual na parroquia, lugar ou asentamento no que se atope o monte. Cunha presenza moi significativa noutras áreas de Galicia, a extensión ocupada por MVMC na RdB MBTM é limitada. Porén, naquelas parroquias nas que existe, o MVMC son un recurso territorial de gran interese e as súas Comunidades xestoras, polo tanto, actores relevantes a coñecer.

Os MVMC poden realizar a xestión directa dos recursos a través da comunidade ou ceder a xestión do monte veciñal a terceiros, ben contratando servizos técnicos de xestión, mediante convenios e consorcios coa administración forestal, ben mediante convenios con entidades privadas.

O obxectivo non é exclusivamente mellorar a explotación forestal e de biomasa, senón tamén compatibilizar con outros usos que a multifuncionalidade de cada monte pode ofrecer, como o aproveitamento gandeiro (mediante proxectos silvopastorais), produción de cogomelos, castañas ou outro tipo de froitos do bosque e potenciar zonas

recreativas e rutas de sendeirismo, programas de educación ambiental dirixidos, etc.


Este tipo de aproveitamentos diferente do forestal, poden ser unha oportunidade de implantación de empresas de NE.

A Xunta de Galicia recolle na súa páxina web [un buscador](#) que permite localizar os montes veciñais en man común (MVMC) por provincia, parroquia ou polo nome do monte, pero non se dá información específica das características produtivas do mesmo. Ademais pode consultarse graficamente a través da cartografía da xunta no [Plan Básico Autonómico](#).

No territorio de Mariñas Betanzos contamos cos seguintes Montes Veciñais en Man Común (MVMC)

- MVMC San Antón (Concello de Irixoa).
- MVMC Tras das Peñas (Concello de Irixoa).
- MVMC Raño (Concello de Irixoa).
- MVMC O Castelo (Concello de Culleredo).
- MVMC Xalo (Concello de Culleredo).
- MVMC da Graña, da Pedra e de San Roque (Concello de Arteixo).
- MVMC Cheira (Concello de Curtis).
- MVMC do gato, de pena branca e pena fondoira, da cantarela, penas boas e penas do castelo (Concello de Aranga).
- MVMC Marina Calzada e Agre (Concello de Aranga).
- MVMC San Miguel de Codesoso (Concello de Sobrado dos Monxes).

Figura 4. Localización dos MVMC.



Fonte: <https://cultivanasmariñas.gal/visor/>



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Etapas de instalación e recursos existentes no territorio

3. ETAPAS DE INSTALACIÓN E RECURSOS EXISTENTES NO TERRITORIO

3.1. Clarificación – reflexión da Idea de proxecto

Este apartado busca desencadear no NE un proceso reflexivo que probablemente, e de forma parcial e/ou descontinua, xa fixera nalgúns dos momentos desde que decidiu comezar a produción avícola. En todo caso, é moi recomendable asegurarse de que esta reflexión se madura o suficiente e que, efectivamente, a avicultura artesanal, como actividade única ou, seguramente, como actividade complementaria ou unha parte do novo proxecto agrario, é unha boa elección..

Cómpre facer un proceso reflexivo no que se poñan nun mesmo plano os activos de partida e as aspiracións.

Este balance axudará a:

- Recoñecer as capacidades coas que conta a persoa promotora da nova actividade.
- Detectar os criterios de busca de recursos (terra, capital, coñecementos, etc.) que máis favorezan o proxecto.
- Identificar as alianzas necesarias e/ou interesantes

Este momento de reflexión precisa de:

- Dedicarlle un tempo ao proceso: escapar das respostas evidentes e máis obvias, xa que neste proceso reflexivo poden aparecer ou xerarse novas ideas ou perspectivas. Falar con persoas que adoptasen outros enfoques diferentes aos que nos inclinamos de maneira natural. Manter a mente aberta a outros enfoques e colaboracións.
- Considerar opinión de familiares e amigos. Considerar contar con asesoramento profesional.

- Ter unha visión clara do proxecto, pero en paralelo ter unha actitude flexible no modo de alcanzar os obxectivos. Estar aberto a solucións e oportunidades inesperadas que xurdan na relación con colaboradores ou no intercambio con outras experiencias. Os plans non se elaboran para cumprirse con exactitude, se non para axudar a desenvolver a idea cuns principios e dirección razoables.
- Coñecer os riscos para determinar cales se poden asumir e poder minimizalos.

No apartado de **anexos** da [Guía para apoiar as persoas novas entrantes na agroecoloxía](#) propoñemos uns modelos de táboas inspirados nos Test de autodiagnóstico empregados nos Puntos de Acceso á Instalación en Francia ([Point Accueil Installation](#)) nas que permiten recoller a información anterior de maneira estruturada, xunto cunha serie de datos técnicos do proxecto de incorporación que poden ser unha ferramenta útil para diagnosticar o punto de partida e axudar na toma das primeiras decisións estratéxicas.

Con carácter xenérico identificamos 3 ámbitos de reflexión, cunha serie de preguntas asociadas:

<p>Motivacións: Por que quero incorporarme na agricultura? Cales son as miñas aspiracións?</p>	<ul style="list-style-type: none"> → O meu proxecto é a curto prazo, medio prazo ou longo prazo? → Quero crear unha empresa, poñer en práctica unha idea de negocio ou usar coñecementos previos, xestionar terras da familia, gañar a vida, iniciar un novo modo de vida ou quero contribuír ao desenvolvemento da comunidade e cambiar o mundo? Cal é a intensidade do meu compromiso e as motivacións principal e secundaria? → Quero independencia laboral ou busco integración con outros proxectos ou redes? → Cales son as maiores barreiras que identifico? → Como percibe o resto da familia ou entorno próximo o proxecto? → Como me pode afectar o feito de vivir e traballar no mesmo lugar?
<p>Activos/Habilidades: Que podo ofrecer?</p>	<ul style="list-style-type: none"> → Quero adicarme a tempo completo ou a tempo parcial? Que dispoñibilidade horaria e diaria teño? Conto con axuda adicional dispoñible? → Que capacidades apporto ao proxecto? (coñecementos teóricos, habilidades técnicas, empresariais, marketing, comunicación, etc.) → Teño terras ou podo acceder a elas? → Teño infraestruturas ou equipamento? → Teño capital ou acceso ao mesmo? → Que investigacións levei a cabo sobre a idea de negocio? → Teño algunha habilidade que completar ou desenvolver? → Teño a man persoas que me poden axudar?
<p>Necesidades e requirimentos: Que necesito agora? E nun futuro?</p>	<ul style="list-style-type: none"> → Que ingresos necesito para comezar e manter o proxecto? → Necesidade de aloxamento e vivenda. → Necesidade de terra para o comezo e nun futuro. → Que infraestruturas son necesarias? → A idea que teño é fixa ou flexible? → A localización do proxecto é fixa ou flexible? → Como imaxino a evolución do proxecto en 5 e 10 anos?

3.2. Materialización da idea: Avicultura artesanal. Necesidades e recursos.

Unha vez confirmado o tipo e orientación da produción, é preciso dotarse das ferramentas e recursos necesarios para emprender a actividade.

No caso da avicultura artesanal o novo entrante deberá cingirse ás normativas establecidas polo *Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo*, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.

Especificamente para o caso da avicultura artesanal, é de aplicación o [*Decreto 216/2011, de 10 de novembro, por el que se establecen las normas zootécnicas y sanitarias de las producciones avícolas artesanales y se crea el Registro Gallego de Explotaciones Avícolas Artesanales*](#). **Alguns condicionantes regulados por deste decreto son:**

- Fíxase o número máximo de animais permitidos para avicultura artesanal en 50 galiñas reprodutoras, 50 galiñas poñedoras e 400 aves para produción de carne.
- Ademais, fixa as condicións mínimas que deben reunir as explotacións e o seu programa sanitario (Anexos II e III do devandito Decreto).
- Hai que ter en conta que as explotacións con menos de 250 aves están excluídas do programa sanitario de control específico de *Salmonella*. A avicultura artesanal contempla no seu regulamento condicións específicas para o control de *Salmonella*.
- As explotacións con números inferiores a 50 galiñas poñedoras están eximidas da esixencia do mercado nos ovos, sempre que no lugar de venda se amose información sobre a explotación. Poderán vender os ovos ao consumidor final tanto *in situ* na propia granxa como en mercados locais.

Ademais, a explotación de avicultura artesanal pode darse de alta como unha explotación de avicultura ecolóxica, seguindo os requirimentos marcados polo Consello Regulador Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) establecidos no **Regulamento de produción ecolóxica (UE) 2018/848**, aplicable desde xaneiro de 2022.

3.2.1. Adquirir competencias técnicas axeitadas. Formación e asesoramento.

A formación é un dos elementos clave para acadar a viabilidade e competitividade de calquera sector produtivo.

A formación aparece como o primeiro requisito cando menos para a adquisición de certas competencias básicas. Existen certas fórmulas coma bolsas de formación, estadías de voluntariado ou mesmo traballos asalariados que permiten entrar en contacto por primeira vez co sector. Isto ademais pode axudar a inspirar a primeira fase de reflexión, xa que moitas experiencias serven de inspiración e de exemplo daqueles aspectos que nun futuro queiran ou non abordarse.

A nivel galego, a oferta formativa podemos clasificala en:

- Formación universitaria
- Formación profesional regrada.
- Formación continua ou non regrada.

Tendo en conta as características da avicultura artesanal, cun marco normativo e técnico bastante definido e cun tamaño de proxecto limitado polo mesmo, é recomendable axustar tamén a estratexia formativa. Nese senso, a combinación de formación específica coa posibilidade de gañar certa experiencia práctica semella o máis recomendable nos comezos.

3.2.1.1. Formación universitaria

O sistema universitario galego artéllase por tres institucións, a Universidades da Coruña, A Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, repartidas en sete campus coincidindo coas principais cidades da comunidade.

O eixo da formación universitaria atópase no Campus Terra de Lugo, dependente da USC. (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>) e o Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- **Grado en Enxeñería Agrícola y Agroalimentaria**
- **Máster en Enxeñería Agronómica**

Tendo en conta o específico da produción avícola, o inicio dun proxecto nese eido non xustificaría, por si só, aspirar a adquirir unha formación deste tipo.

3.2.1.2. Formación profesional re-grada

A oferta de formación profesional pode variar dun curso a outro segundo a demanda existente, desaparecendo os ciclos con pouca demanda e implantándose novos en áreas nos que se detecte falta de formación. Pódese consultar na páxina da Xunta de Galicia:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>.

A páxina web da Xunta de Galicia contén toda información actualizada e permite facer buscas por familia profesional, por centro ou por localización. No caso da formación DUAL, a oferta pódese consultar na web da Consellería de Educación. O Ministerio de Educación, Formación profesional y Deportes, ten na páxina web toda a información sobre toda a oferta de FP a nivel español.

Para as persoas NE pode resultar de interese a oferta de cursos ADF ou accións formativas do Plan Formativo para o emprego.

Estas accións formativas son programas de Formación Profesional orientados á obtención dun certificado profesional co obxectivo de proporcionar ás persoas traballadoras desempregadas as habilidades, as ferramentas e o coñecemento necesario para mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras que poden participar nelas.

Segundo o nivel do certificado de profesionalidade obtido poden variar os requisitos de acceso.

A información sobre prazos e requisitos pódense consultar nas oficina de emprego e nos centros que imparten as formacións.

Cando a iniciativa de avicultura artesanal se insire nun proxecto agrario diversificado, pode ser especialmente acaído explorar opcións formativas integrais cun enfoque práctico no eido agrario.

3.2.1.3. Formación continua ou non re-grada

A formación non re-grada pode variar moito co paso do tempo, por iso a clave está en coñecer de primeira man as organizacións que ofrezan este tipo de formación e como consultala.

Dentro da oferta de formación anual, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria convoca anualmente o [Plan de Formación ao Agro Galego](#) enmarcadas no Programa de Desenvolvemento Rural.

Estas accións de formación continua son programadas e executadas exclusivamente polas [entidades colaboradoras da Consellaría do Medio Rural](#) e polas unidades propias da consellería.

Estas accións formativas van dirixidas as persoas vinculadas profesionalmente e de xeito directo aos sectores produtivos da agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, ou con expectativas de incorporación, e sempre vinculadas aos sectores prioritarios definidos na Estratexia de dinamización de Consellería do Medio Rural.

As accións programadas poden ser impartidas en diferentes modalidades: presencial, E-learning, B-learning ou microlearning e en diferentes tipoloxías: seminarios, cursos, talleres, visitas etc.

Neste apartado cabe destacar a oferta dos centros de formación e experimentación agraria da Consellería do Medio Rural, xa mencionados no apartado previo. Ademais da formación regrada, teñen unha oferta de formación continua con cursos eminentemente prácticos, impartidos durante todo o ano e orientados a agricultores e gandeiros, como os cursos de aptitude empresarial agraria, de manipulador de produtos fitosanitarios e de mellora das explotacións e os cursos monográficos ou de especialización que se adaptan ás necesidades do momento.

O CFEA de Guísamo oferta distintos itinerarios de formación profesional ademais dunha variedade de cursos como o **Programa de formación continua a través da plataforma de teleformación** (ver apartado 2.2.8.3)

3.2.1.4. Formación práctica non regrada

Existen múltiples formas de entrar en contacto cos traballos agrícolas e gandeiros, e en moitos casos son moi recomendables tanto se xa se conta experiencia e coñecementos como se non. Nalgúns casos, a veciñanza outorga ás persoas entrantes información e consellos a medida que se van precisando, pero existen fórmulas que, se ben non entran dentro da formación “formal”, son enriquecedoras a múltiples niveis. A realización de estadias noutras granxas dá unha idea do traballo non só a nivel máis práctico,

senón tamén nos niveis económico, loxístico, relacional, etc. Algúns exemplos inclúen:

- Outros produtores locais: coñecer e visitar outras persoas con este tipo de produción é un xeito sinxelo de entrar en contacto práctico coa avicultura artesanal e probablemente é o primeiro paso a dar. Dende o GDR podemos poñer en contacto ás persoas que se están iniciando na avicultura con eses produtores xa establecidos. Cabe tamén explorar as posibilidades de colaboracións puntuais beneficiosas para ámbalas partes: a persoa nova entrante axuda ao produtor/a establecido/a ao tempo que adquire experiencia práctica e coñecementos.
- O Programa [CULTIVA](#) é unha iniciativa desenvolvida e financiada polo MAPA para o desenvolvemento de estadias formativas para persoas agricultoras mozas en explotacións modelo. Este programa permite realizar estadias completamente subvencionadas en explotacións de todo o territorio español ás persoas instaladas coma titulares nunha explotación agraria nos últimos 5 anos.

Figura 5. Infografía sobre o Programa Cultiva.



Fonte: paxina web do MAPA-infografía.

- Experiencias de voluntariado, que se poden poñer en práctica a través de plataformas coma [WWOOF](#) ([LLOOF](#) para formación) ou [Workaway](#). No caso da primeira ofrécense exclusivamente estadias en granxas de produción ecolóxica, tanto profesionais coma de

autoconsumo, cunha duración a acordar entre as persoas representantes da granxa e a persoa voluntaria. É preciso abonar unha cota anual (duns aproximadamente 25€) para poder acceder á plataforma, polo que é mellor recomendar pensar antes o país no cal se quere desenvolver dita actividade e, posteriormente, buscar en dito país a granxa de destino. No caso da segunda plataforma, ofrécense estadías en multitude de empresas de diferentes sectores, e nalgúns casos poden chegar a ser realizando traballos remunerados.

Figura 6. Portada da plataforma de WWOOF en Francia.



Fonte: web de WWOOF Francia.

3.2.1.5. Formación relacionada co benestar animal

No caso da avicultura, os titulares das explotacións asegurárase de que todas as persoas que traballan con gando avícola na explotación teñan unha formación adecuada e suficiente.

En concreto, deberán ter un mínimo de formación de 20 horas, segundo os Real Decreto [637/2021](#), así como o Real Decreto [692/2010](#). As autoridades competentes das comunidades autónomas poderán eximir deste permiso ós traballadores que acrediten una experiencia de 3 anos na cría de aves.

Cursos de capacitación ofertados:

- [Cursos impartidos por Unidades Administrativas da Xunta de Galicia](#)
- [Cursos realizados entidades colaboradoras](#)

Estarán exentos da obriga de realizar os cursos de capacitación aquelas persoas que estean en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- Título profesional básico en actividades agropecuarias.
- Título de Técnico en produción agropecuaria.
- Título de Técnico superior en gandería e asistencia en sanidade animal.

O persoal que traballe con gando avícola que realice a formación específica de acordo co contido mínimo recollido no anexo IV do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, estará exento da realización da formación sinalada, sempre e cando o curso contemple, as cuestións recollidas nos Anexos I e II do Real decreto 692/2010 do 20 de maio.

3.3. Comercialización: estudo e exploración do mercado.

Unha das preguntas que se debe facer un NE é a forma de comercialización do seu produto: ¿Como e onde vou vender a miña produción?

O modelo óptimo de produción implica coñecer ben o mercado para definir ben o produto, e así poder adaptalo plenamente ás demandas do cliente. Porén, a realidade non é tan lineal, especialmente nos comezos dunha actividade deste tipo, e hai que prever certos axustes na estratexia de comercialización nas primeiras etapas. Con todo, é importante ter identificadas as canles de comercialización do produto canto antes, mantendo a flexibilidade de adaptación.

Á hora de trasladar a nosa produción ao mercado, debemos contemplar as posibles vías de comercialización que temos e que podemos agrupar en canles curtas de comercialización e distribución por intermediarios. Como expoñeremos a continuación, no caso da avicultura artesanal no territorio da Reserva da Biosfera, as canles curtas preséntanse como as

máis interesantes de primeira opción, sobre todo para unha persoa produtora individual.

3.3.1. *Canles curtas de comercialización (CCC).*

Unha canle curta de comercialización pode definirse coma “unha cadea de subministro formada por un número limitado de axentes económicos, comprometidos coa cooperación, o desenvolvemento económico local e as relacións socioeconómicas entre produtores e consumidores nun ámbito de proximidade.” Basicamente, o que queremos é xerar unha canle que minimize os axentes da cadea dende a produción ata o consumidor final.

Semella á opción máis interesante para quen comeza na avicultura artesanal considerando o volume, calidade diferencial e características do territorio da RdB (relativamente poboada, con boas comunicacións, multiplicidade de lugares de venda e un segmento de consumidor que busca este tipo de produtos e con certo poder adquisitivo). A existencia da marca de calidade da RdB, a posibilidade da certificación en ecolóxico da produción e o carácter artesanal da mesma, son outros factores diferenciais relevantes.

A venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final esta regulada en Galicia polo Decreto 125/2014, do 4 de setembro. Precisamos estar dados de alta no rexistro do SEVEDI para poder acceder a este tipo de canles.

A venda directa, sen necesidade de contar con un Rexistro Sanitario pode realizarse:

- *In situ* na explotación produtora.
- En mercados, directamente polas persoas titulares da explotación, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da granxa.
- En establecementos de venda ao por menor á persoa consumidora final, sempre que a transacción entre a persoa produtora e o

establecemento de venda se realice directamente, sen intermediarios.

Cando realicemos vendas directas non será necesario estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentarias nin no Rexistro Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentarias de Galicia nin no Rexistro Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios de Galicia (REGASA).

As canles curtas requiren duns recursos e habilidades específicos:

- Asegurar unha presentación axeitada do produto.
- Contar cos elementos loxísticos necesarios, como o transporte
- Certas habilidades sociais para interactuar coas persoas clientes. Esa interacción e a xestión da mesma é un elemento de gran relevancia nesta modalidade de comercialización e condiciona en boa medida o éxito da mesma, en igual ou maior medida que os propios ovos ou carne comercializados.

3.3.1.1. **Venda directa a través de feiras e mercados.**

Moi destacables tamén como punto de venda directa son as feiras e mercados quincenais ou semanais que se reparten pola maioría de concellos. Hai multitude de festas, exaltación e degustación gastronómicas, repartidas ao longo de todo o ano, que, ademais de eventos festivos, teñen por obxecto a promoción dos produtos da terra.

Ademais dos mercados propiamente presentes no noso territorio destacan os mercados da cidade da A Coruña como un punto destacado de venda. Para acceder a estes mercados existe un modelo de solicitude dirixido ao Concello de A Coruña. (<https://www.coruna.gal/mercados/es/documentacion>)

CONCELLO	NOME	DATAS
Aranga	Feira da Castellana	Día 3 de cada mes
Bergondo	Mercado da horta	Todos os luns e venres
Betanzos	Feira quincenal de Betanzos	1 e 16 de cada mes, en novembro 1 e 30, decembro o día 16
	Mercado	Martes, xoves e sábados
Carral	Feira	4, 13 y último domingo de cada mes.
Cambre	Mercadillo de Cambre	Día 2 e terceiro domingo do mes
Curtis	Feira de Teixeira Día 5 e 18 de cada mes	Feira de Teixeira Día 5 e 18 de cada mes
	Feira de Curtis Día 9 e 23 de cada mes	Feira de Curtis Día 9 e 23 de cada mes
Sada	Feirón de Sada Sábados	Feirón de Sada Sábados
Irixoa	Feira da viña - mercado	Día 24 de cada mes

MERCADOS DA CIDADE DA CORUÑA			
Mercado Municipal de As Conchiñas	Luns a sabado de 08:15 a 15:00 h	Plaza de las Conchiñas s/n 15010 A Coruña	981269132
Galería de alimentación de adormideras – mercado municipal	08.00 h a 15.00 h	Calle Santa María 1. 15002 A Coruña	881918976
Mercado municipal de Elviña	08:00 a 16:30 h	Avda Salvador de Mariadiaga 9. 15008 A Coruña	881888069
Mercado municipal de Eusebio da Guarda	8.00 a 15.30 h	Plaza de Lugo s/n 15004 A Coruña	981184200
Mercado municipal de Monte Alto	Luns a sabado de 08:00 a 15:00 h	Plaza Indalecio Prieto s/n 15002 A Coruña	981184200
Mercado municipal de Palavea	8.00 a 15.00 h	Palavea Vieja, 59, Bajo. 150009. A Coruña	981184200
Mercado municipal Ramnon de Cabanillas	Luns a sabado de 08:45h a 14:00 h	Calle Ramón Cabanillas s/n. 15007 A Coruña	981184200
Mercado Municipal de San Agustín	8.00 a 15.30 h	Praza San Agustín 1. 15001 A Coruña	981184200

3.3.2. *Mediante distribución ou intermedarios.*

As fórmulas que atopamos aquí son moi distintas ao modelo anterior no que na maioría dos casos, traballaríamos vía **SEVEDI** e a pequena - mediana escala, para esta canle, traballaremos dende o REAGA directamente, e en moitos casos, non deberemos resolver problemas lóxicos. Cando traballamos como provedores de este tipo de canles, compre ter en conta que na maioría dos casos, debemos escalar a produción e estandarizar o produto. E ademais é necesario contar cun rexistro sanitario

3.3.3. *Provedores dunha empresa distribuidora ou gran superficie.*

Debemos de ter en conta a capacidade para proporcionar o volume suficiente e, nese senso, a avicultura artesanal ten limitacións salvo que unha serie de produtores se organicen e comercialicen en conxunto (ou a través dun terceiro intermedario). Por exemplo, no caso de ser entrar a formar parte de unha cadea de supermercados, non deberemos proporcionar produto para un dos seus establecementos, se non para parte ou a totalidade da cadea.

A maiores deberemos proporcionar un produto estandarizado en gramaxe e libre de defecto. Este tipo de adecuación do produto supón asumir unhas perdas que dependo da especie poden chegar até o 15% ou o 20%. Polo que haberá que ter en conta esta perda no cálculo. De igual xeito teremos menos marxe á hora de negociar o prezo final da venda.

Se optamos por este modelo, é recomendable prever unha segunda vía de comercialización para descartes.

Polo tanto, non é a canle recomendable, cando menos en primeira instancia, para unha persoa avicultura artesanal.

3.3.4. *Provedores dunha empresa transformadora.*

Os condicionantes son semellantes aos do caso anterior, aínda que para determinadas empresas, deberemos adaptar aínda máis no noso produto no caso de que a empresa transformadora teña implementado algún selo de calidade o certificación do produto transformado.

3.4. **A localización do proxecto. Analizar o contexto do territorio e os servizos dispoñibles.**

A dispoñibilidade de superficie para comezar o proxecto produtivo é un dos primeiros condicionantes cos que se ten que enfrontar a persoa NE. A avicultura artesanal non demanda moita superficie, pero presenta limitacións no tocante á ubicación da produción, tal e como xa se ten mencionado.

LOCALIZACIÓN E DISTANCIAS:

- 500 m. de distancia a explotacións avícolas industriais de calquera orientación zootécnica xa rexistradas e a outras instalacións que podan supoñer un risco sanitario como matadoiros de aves, fábricas de produtos para alimentación animal, vertedoiros ou plantas de tratamento de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano ou similares. Existen excepcións a estas distancias.
- 250 m. entre explotacións avícolas artesanais existentes.

Os posibles escenarios naqueles casos en que as persoas NE teñan que buscar terra para desenvolver o seu proxecto produtivo, descríbense de maneira exhaustiva na Guía de apoio no acceso á terra dos novos entrantes no sector agrario elaborada polo Grupo Operativo Terractiva e que completa a información desta guía.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes esixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación. Así, nese momento é necesario recadar información na área de urbanismo do concello e verificar:


- Se o uso que se lle quere dar a parcela é admisible, así como se o tamaño é suficiente para situar o galiñeiro. Verificar o PXOM do Concello se existe ou as normas subsidiarias en caso contrario. Nese senso, tal como se recolle no artigo 87.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal”.
- Se o Concello require proxecto asinado por un técnico ou é suficiente unha memoria valorada e un plano para obter a licenza municipal de actividade.
- Analizar se existen solucións técnicas que poidan facilitar os trámites como poden ser os galiñeiros móbiles en lugar de fixos.
- Que se cumpran as distancias esixidas pola lexislación aplicable.
- Analizar as afeccións sectoriais específicas, que inflúen tanto nas actividades admitidas como na materialización concreta das actuacións físicas necesarias, tales como novas

construcións ou reforma das existentes, por exemplo en materia de:

- Distancia a vías
- Existencia de elementos patrimoniais cerca.
- Distancia de cursos de augas (afeccións da Lei de Augas)
- Distancia de plantacións
- Outras estruturas como aeroportos (servidumes aeronáuticas)
 - i. Servizos (enerxía, auga, vivenda, servizos sociais)
 - ii. Acceso a insumos/servicios
 - iii. Infraestruturas
 - iv. Comunicacóns

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera interesado no portal do [Plan básico autonómico de Galicia](#). Dito portal consiste nun visor xeográfico no que poden visualizarse diferentes capas das diversas afeccións sectoriais.

Figura 7. Vista dalgunha das afeccións do territorio



Fonte: Plan básico autonómico de Galicia.

En todo caso é moi recomendable facer a consulta cos responsables técnicos do municipio no que se estea considerando iniciar a actividade.

3.5. Dimensionar o proxecto, a actividade: O plan de negocio.

O plan de negocio é un documento que axuda a estruturar a idea de negocio da granxa. Dá idea da viabilidade (técnica, legal, comercial e económico-financeira) da iniciativa e proporciona unha guía estratéxica para acadar os obxectivos e metas do proxecto agrario. Nunha actividade agraria, un plan de negocio é a combinación do plan de produción, de carácter sobre todo técnico, coa dimensión económico-financeira, incluído o aspecto comercial.

Se ben o plan de negocio para unha granxa avícola artesanal é sinxelo, é igualmente interesante elaboralo. Un bo plan de negocio demostra que a persoa promotora dedicou tempo a pensar nas compoñentes básicas da granxa, identifica os aspectos máis sensibles

axudando a reforzalos e dálle robustez ao conxunto do proxecto.

En xeral, un plan de negocio ten a [seguinte estrutura básica](#). A Rede de Polos de Emprendemento e apoio ao emprego acompaña aos emprendedores de todos os ámbitos no desenvolvemento do plan de empresa, con titorías on-line adaptadas as necesidades de cada caso.

É posible atopar na rede numerosos recursos de apoio para a elaboración dun plan de negocio. A continuación indícanse uns exemplos:

- <https://www.igape.gal/es/emprendedores/como-crear-una-empresa>
- <https://www.coruna.gal/empresa/es/asesoramiento-en-empredimiento?argIdioma=es>
- <https://norural.gal/plan-de-empresa/>



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Inicio da actividade e posta en marcha do proxecto

4. INICIO DA ACTIVIDADE E POSTA EN MARCHA DO PROXECTO

Para poder iniciar a actividade de Avicultura artesanal e comercializar os produtos será necesario cumprir cunha serie de obrigas normativas e pasos previos, algunhas delas independentes da actividade agro gandeira que se vaia a realizar como:

- Alta na actividade agraria no Ministerio de Facenda (Modelo 036-037).
- Titularidade da explotación: Rexistro de explotacións de Galicia (REGA) e *Rexistro Galego de Explotacións Avícolas Artesanais*.
- Rexistro Sanitario (Non necesario no caso de venta directa).

4.1. Titularidade da explotación. Forma xurídica.

Segundo indica o [Decreto 200/2012, de 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia](#) considérase titular de explotación tanto a unha persoa física (sexa en réxime de titularidade única, como compartida), como a unha personalidade xurídica. A efectos de rexistro distínguese entre titular individual, titularidade comunidade hereditaria, titularidade compartida ou titularidade societaria.

Para profundizar máis sobre as tipoloxías de personalidade física e xurídica pódese consultar a [Guía para apoiar aos novos entrantes](#).

No caso dunha granxa de avicultura artesanal, pola súa dimensión, o máis común sería unha titularidade de persoa física (individual ou compartida) ou dunha sociedade sinxela, como unha sociedade civil.

De calquera xeito, ó longo da vida da actividade pódese modificar a forma da titularidade e adaptala ás circunstancias.

4.2. Trámites administrativos.

Antes de comezar a actividade produtiva é preciso levar a cabo unha serie de trámites administrativos adicionais, ademais dos xa mencionados para o establecemento legal da granxa.

Xeralmente, para a instalación do galiñeiro, no caso de que sexa fixo, o primeiro é obter as licenzas municipais necesarias (particularmente as urbanísticas). Se as pesquisas previas foron as suficientes, segundo o indicado no [apartado 3.4](#), agora só se trataría de seguir os procedementos formais para obter os permisos, unha vez que xa se confirmou con anterioridade que as actuacións previstas son posibles na(s) parcela(s) onde se vai ubicar a granxa.

Os trámites que se deben realizar no Concello son:

- Licenzas de obras
- Licenzas de apertura para actividades inocuas e clasificadas

É extremadamente importante informarse dos prazos que rexen para a obtención dos permisos ou informes municipais, pois poden condicionar a solicitude ou xustificación de axudas ou subvencións.

4.2.1. Municipais.

No relativo aos trámites municipais que debe realizar a persoa NE, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, as ordenanzas que fosen aprobadas polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas NE teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, ás que deberán anexar todos aqueles datos e

documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

- Aboamento dos tributos relacionados co establecemento da actividade.
- Solicitude da licenza municipal ou comunicación previa urbanística que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren.
 - As peticións de licenza resolveranse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. No entanto, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello.
 - No caso das comunicacións previas urbanísticas a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.
- Logo de rematar a obra, presentárase **comunicación previa para o inicio da actividade** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoal técnico competente.
- Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade nos casos en que non fose necesaria a realización de

obras tras efectuar os trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate,.

4.2.2. Rexistros Xerais.

A efectos de impostos a avicultura artesanal non están suxeita ao Imposto sobre Actividades Económicas ([IAE](#)).

En cambio, o traballador asociado a unha explotación, si debe estar dado de alta na actividade agraria no **Ministerio de Facenda (modelo 036-037)**, trámite que se pode facer tanto de xeito presencial, nunha oficina de tesourería, como na sede electrónica mediante un certificado dixital. Con carácter xeral, normalmente para darse de alta no caso dunha granxa de avicultura artesanal, será suficiente cumprimentar o modelo de alta censal simplificado ([Modelo 037](#)).

Tendo realizada a alta na actividade agraria e cunha parcela identificable no catastro, podemos darnos de alta no **Rexistro Galego de Explotacións Agrícolas de Galicia (REAGA)** a través do procedemento **MR408B - Inscripción en el rexistro de explotacións agrarias de Galicia (REAGA)** aberto todo ano no [seguinte enlace](#).

Logo, esta ó **Rexistro Galego de Explotacións Avícolas Artesanais de Galicia**. Este último pódese solicitar a inscrición a través do procedemento **MR501D - Inscripción no Rexistro galego de explotacións avícolas artesanais**, que esta aberto todo o ano e atopase no [seguinte enlace](#).

Esta alta no rexistro pode ter varias modalidades, en función de que sexa unha titularidade única, unha cotitularidade ou unha titularidade societaria.

- No caso do titular único, este debe darse de alta e constar como o responsable da explotación a tódolos efectos.
- No caso de cotitularidade, está pensado para as explotacións familiares que estean xestionadas polos dous cónxuxes e

asuman por igual dereitos as responsabilidades.


Con esta fórmula, pódense cotizar de xeito duplo por unha mesma explotación.

No caso de que as canles de venda escollidas polo titular, ou titulares, da explotación sexan directas, é dicir, ao consumidor final, a un pequeno negocio local, incluso a un restaurante ou local de restauración propio, deberá darse de alta no rexistro de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (chamado [SEVEDI](#)). Esta ferramenta permite obter a trazabilidade dos alimentos que se vendan por estas canles e

garantir a independencia económica do vendedor.

Este tipo de venda directa, non está pensada para un produción a gran escala, se non para regular o autoconsumo e a venda ao por menor. Polo tanto, ten limitado o volume total de produtos que se poden vender baixo este rexistro.

Esta sería a fórmula correcta, por exemplo, se se escolle a venda a través dun mercado. A alta neste rexistro non é substitutiva da alta no REAGA se non que é complementaria. Como tódolos trámites esixidos pola Xunta, débese facer por medio de rexistro físico ou electrónico.



4.2.3. *Permisos específicos das explotacións gandeiras.*

O sector gandeiro está afectado por unha [normativa complexa](#), con diferentes graos de ordenación segundo a produción gandeira da que se trate, sendo esta máis desenvolvida nos sectores máis intensivos e industrializados (porcino e avicultura intensiva).

En Galicia contamos coa xa mencionada normativa específica en [avicultura artesanal](#).

O Real decreto [1086/2020](#), do 9 de decembro, regula e flexibiliza determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene na produción e comercialización de produtos alimentarios e as actividades excluídas do seu ámbito de aplicación solicitude, establece as restricións para poder realizar sacrificios en granxa, ademais é necesario ter autorización para o sacrificio de aves e lagomorfos en explotación.

A maiores esta o Real Decreto 637/2021 de 27 de Xulio, que establece as normas básicas de ordenación de granxas avícolas, algunhas delas aplicables a avicultura artesanal.

Os Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, situados nas diferentes Oficinas Rurais, son os responsables da supervisión do cumprimento das normativas sectoriais de ordenación gandeira, tanto no trámite de inicio de actividade das explotacións gandeiras como na supervisión e control do seu cumprimento posterior.

4.3. Financiación e axudas.

Toda axuda é pouca ao principio do proxecto avícola polo que coñecer as fontes e tipoloxía das axudas dispoñibles é de gran interese.

Neste punto é fundamental ter elaborado un plan de negocio realista, cuns cálculos de tesourería axustados e unha previsión temporal con suficiente detalle.

Son moitos os sitios web que fan recompilación periódica das axudas que se publican. Entre os sitios oficiais en activo no momento de redactar esta guía atopamos por exemplo:

- O [Repositorio de información sobre apoios e subvencións con significación para o emprego](#) ten varios filtros que permiten facer a busca por entidade promotora, por tipoloxía de axuda, por colectivo obxectivo ademais de por data e por texto.
- [Buscador de axudas da rede de polos de emprendemento](#). Permite o filtrado por nome da axuda, data, categoría e seleccionar si se buscan axudas vixentes ou non.
- [A Guía de procedemento da sede electrónica de Xunta de Galicia](#) permite visualizar (unha vez seleccionado en tipo de procedemento a categoría “Axudas/Subvencións”, como perfil “Agricultores/as” e como departamento “Consellería do Medio Rural”) a visualización

das axudas activas da Consellería do Medio Rural, as datas de presentación e o acceso directo á Sede Electrónica para a presentación da solicitude directamente. O mesmo criterio de busca pódese empregar neste páxina para coñecer as medidas doutras consellerías como a de Promoción do Emprego e Igualdade.

As propias Oficinas Rurais son puntos de información sobre as axudas ao sector agrario no marco da Política Agraria Común.

- A [Oficina do autónomo](#) dependente tamén da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade tamén recompila as axudas de ámbito autonómico e estatal que teñan entre as súas persoas beneficiarias ás persoas traballadoras autónomas e da a posibilidade de trasladar preguntas á chamada Oficina Virtual do Emprego Autónomo vía formulario online.
- [A Rede Eusumo](#) recolle tamén as principais axudas e subvencións para empresas de economía social, o que pode ser interesante para aquelas persoas NE que se constitúan como sociedades cooperativas galegas ou como sociedades laborais.

É imprescindible ter en conta que incluso naquelas axudas que son recorrentes e que teñen convocatorias periódicas, moitas veces anualmente, poden variar as condicións dun ano a outro, e que estas variacións poden chegar a ser significativas entre as diferentes convocatorias. Ademais, tamén hai que estar atentos aos prazos de solicitude, de resolución e de pagamento previsible, para coordinar na medida do posible tanto a obtención da documentación necesaria para solicitar (por exemplo no caso de licenzas de construción) como para ter un plan de tesourería viable. En moitos casos só se perciben as axudas unha vez executado o gasto ou o investimento na súa totalidade, noutras ocasións hai posibilidade de percibir anticipos ou de obter financiamento do mesmo. Mais en todo caso, é preciso ter en

conta eses detalles: a dispoñibilidade de axudas non significa que cheguen no momento axeitado se non hai unha planificación adecuada e un coñecemento dos procedementos ao detalle.

4.3.1. *Axudas no marco da Política Agraria Común.*

No ámbito rural, as axudas máis importantes son as xestionadas pola Consellería do Medio Rural no marco do PEPAC (Plan Estratéxico da PAC 2023-2027), como as axudas [á incorporación de persoas agriculturas mozas](#) e [de persoas novas agricultoras](#) ou as [de mellora das estruturas da produción agraria](#). Para obter información ao respecto delas e solicitalas, de se-lo caso, as Oficinas Rurais e/ou as entidades de aconsellamento son os interlocutores máis axeitados.

4.3.2. *Axudas LEADER.*

Son axudas xestionadas polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de acordo ás súas estratexias de desenvolvemento local. Os proxectos financiados poden abarcar unha ampla gama de áreas temáticas, como o turismo rural, a agricultura sostible, a diversificación económica, a conservación do patrimonio cultural e natural, a mellora de infraestruturas rurais, entre outros.

Estas axudas non cobren investimentos dedicados exclusivamente a produción primaria, pero si presentan algunhas liñas de interese relacionadas das que se pode informar na sede do GDR

A) Complemento de rendas

Para montar unha pequena actividade agraria que supoña unha renda complementaria, cando a unidade familiar se dedica a outra actividade principal.

B) Mellora de eficiencia enerxética de explotacións

Investimentos en explotacións agrarias referidas a mellora da súa eficiencia enerxética e ou ao emprego de fontes de enerxía renovables.

C) Transformación e comercialización de produtos agrarios.

Creación, ampliación e modernización de empresas destinadas a transformación ou comercialización de produtos agrarios. Nesta liña entraría por exemplo a maquinaria para envasar ovos.

4.3.3. *Posibilidades de Financiación do proxecto.*

O financiamento dunha empresa ou proxecto consiste na achega de recursos económicos necesarios para a compra dos elementos que o negocio precisa funcionar e desenvolver a súa actividade.

A obtención de financiamento é un dos principais problemas cos que se atopan Pemes, autónomos ou emprendedores que queiran iniciar a súa actividade.

As empresas poden contar co seu propio financiamento, consistente principalmente en achegas dos seus socios, ou externas, que sexan realizadas por terceiros alleos ao capital social.

Os autónomos atopan maiores problemas polo que, ás veces, só poden recorrer ao financiamento externo, respondendo en moitos casos con bens e dereitos propios.

Se queres afondar máis sobre outras posibilidades de financiamento revisar [A GUIA XERAL](#)

4.4. Xestión técnico-económica.

Dada complexidade de tarefas, pasos e trámites que ten que asumir unha persoa NE cando aborda o lanzamento do seu proxecto, a recomendación xeral é que se apoie en algún profesional ou entidade xestora, cando menos para acompañar nos pasos máis críticos e/ou complexos, ou naqueles nos que menos coñecementos ten a persoa promotora.

Estes profesionais, dependendo do seu tamaño ou grado de especialización, poden axudar cos diferentes trámites. Por exemplo, a nivel de:

- Trámites fiscais e contabilidade da empresa: IRPF, declaración do IVE, declaración da renda e deducións.
- Trámites laborais (seguridade social), ala e baixa de traballadores.
- Trámites para a solicitude de subvencións. Axudan na identificación das subvencións dispoñibles para o proxecto e na elaboración da documentación necesaria para a súa solicitude. Ademais, poden seguir o proceso de solicitude e garantir o cumprimento dos requisitos.
- Trámites para calquera outro rexistro necesario en función do tipo de proxecto.
- Aconsellamento sobre a forma xurídica máis interesante para o proxecto.

Dende o GDR das Mariñas pódese orientar nalgún destes aspectos ou ben indicar quen do territorio pode cubrir axeitadamente cada temática.

Contar cunha entidade xestora pode aliviar a carga e permitir que a persoa NE se enfoque no desenvolvemento do seu proxecto. Ademais, estes servizos poden proporcionar orientación experta en aspectos legais, fiscais e contables, o que axuda a garantir o cumprimento normativo e reducir o risco de erros que poderían ter consecuencias financeiras negativas para o proxecto.

O feito de contar cunha entidade xestora ou asesora non exime a persoa NE de levar un control dos seus custos, mais aló de xuntar as facturas e entregalas a xestoría, a persoa NE debe levar un rexistro de todo os seus gastos e ingresos, empregando calquera ferramenta, desde unha sinxela folla de cálculo a unha ferramenta máis complexa. O obxectivo é coñecer en todo momento canto custa producir unha unidade de produto.

4.5. A comercialización dos produtos.

Á hora de comercializar o produto hai que ter en conta os tipos de vendas que se poden contemplar ([Ver apartado 3.3](#)). Dentro da avicultura artesanal hai dúas liñas:

- A comercialización de ovos.
- A comercialización de carne.

4.5.1. Comercialización de ovos.

O proceso de produción do ovo iniciase na granxa e a súa venda directa está regulada Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. No caso dos ovos, non estará permitida a venda directa na modalidade de venda a establecementos de venda polo miúdo.

Unha explotación de avicultura artesanal ten dúas posibilidades de comercialización:

- **Venda directa na propia explotación ou en feiras e mercado:** No caso de contar con menos de 50 galiñas poñedoras está exento do etiquetado dos ovos e do seu envasado.
- **Venda indirecta a través de tenda ou a hostalería:** É necesario que a explotación conte cun Rexistro Sanitario e os ovos estean correctamente etiquetados e embalados. Se a explotación non conta co rexistro pode envialos a un centro de embalaxe onde lle farán as comprobacións necesarias, e cuñaran os ovos e a caixa co rexistro sanitario nese mesmo centro. Se os ovos se van vender en ecolóxico é necesario que o punto de envasado estea certificado en ecolóxico.

4.5.2. *Comercialización de carne e sacrificio en explotacións*

Para comercializar os polos é necesario sacrificar os animais. Os animais poden ser sacrificados na súa propia explotación ou en matadoiros que presenten liña avícola. [O artigo 19 do Real decreto 1086/2020](#), establece as condicións e a normativa para o sacrificio de individuos na propia explotación e a súa comercialización directa. No caso de estar en agricultura ecolóxica é necesario que os matadoiros teñan que estar certificados en ecolóxico.

1) A subministración directa pódese realizar:

- *Directamente do produtor ao consumidor final na propia explotación ou en mercados ocasionais ou periódicos, permitíndose a entrega a domicilio, pero non o envío destes produtos por correo.*
- *Directamente polo produtor, e sen intermediarios, a establecementos de comercio ó por menor permanentes que subministran directamente ó consumidor final.*

2) *A distancia entre a explotación e os mercados ou establecementos non poderá superar os 100 quilómetros. Non obstante, nas rexións con limitacións xeográficas especiais ou no caso de rexións insulares, a autoridade competente da comunidade autónoma poderá autorizar a comercialización nun radio maior dentro do territorio da comunidade autónoma.*

3) *Sen prexuízo do disposto na normativa xeral sobre información alimentaria facilitada ao consumidor de produtos alimenticios, o produtor deberá achegar ao comprador un documento que inclúa: a. O número de inscrición da explotación no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias (RGSEAA) onde conste a autorización de sacrificio na explotación, b. a descrición da mercadoría, e c. o peso neto do produto e a data do sacrificio.*

4) *Con carácter excepcional, poderá autorizarse a venda directa do produtor ao consumidor final en feiras ou eventos de similares características fóra do ámbito descrito nos puntos 1) e 2) anteriores. O produtor deberá levar dita autorización para mostrala a petición dos servizos oficiais de control do lugar de venda.*

5) *No caso de produtos certificados como produción ecolóxica, cumprírase o requisito de certificación establecido para a comercialización de produtos ecolóxicos. (Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, do 28 de xuño, de produción e etiquetado ecolóxicos produtos.*

En canto ao sacrificio na explotación, poderán solicitar autorización:

- 1) Explotacións de paspallás e/ou perdices.
- 2) Explotacións de aves da especie *Gallus gallus* que utilicen algún dos seguintes sistemas de reprodución, recoñecidos na normativa europea e nacional:
 - a. Sistema de cría ecolóxica.
 - b. Explotacións avícolas de carne que estean producindo baixo algunha das seguintes formas de reprodución: i. Campeiro tradicional. ii. Campeiro criado en total liberdade.

Hai límites de sacrificio que son:

- 1) Os produtores que se acollan a esta excepción só poderán sacrificar animais criados na súa propia explotación.
- 2) A permanencia mínima dos animais na explotación antes do sacrificio será como mínimo:
 - a. Aves da especie *Gallus gallus*: A metade do período mínimo de reprodución en sistemas de cría que poden acollerse a esta excepción.
 - b. Codorniz: vinte días.
 - c. Perdices: cincuenta días
 - d. Lagomorfos: trinta e cinco días.

Establécense os seguintes límites para o número de animais sacrificados:

- a. Para as explotacións avícolas da especie *Gallus gallus*, o límite de sacrificio será de 500

- aves á semana, cun máximo de 25.000 aves ao ano.
- b. Para as explotacións de perdices e paspallás, o límite de sacrificio semanal e anual será o dobre dos límites establecidos na letra a).
- c. Para as explotacións de lagomorfos, o límite de sacrificio será de 300 lagomorfos por semana, cun máximo de 15.600 lagomorfos ao ano.
- d. No caso de produción estacional, o operador poderá solicitar autorización por escrito da autoridade competente da comunidade autónoma para superar as cifras semanais anteriores, aínda que non o límite anual.
- e. No caso de animais certificados como de produción ecolóxica, hai que considerar os períodos de conversión e límites de sacrificio establecidos na normativa específica sobre produción e etiquetaxe de produtos ecolóxicos.

4.6. Marcas de calidade.

4.6.1. *Reservas da Biosfera*

A Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” conta cunha marca de calidade propia. O emprego da marca **Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo** agroma co obxecto da promoción e defensa da calidade, garantía e orixe dos produtos da área da Reserva, obtidos a partir dun saber facer responsable e respectuoso co medio ambiente.

A Reserva de Biosfera como figura de recoñecido prestixio avalada pola UNESCO deberá servir como vínculo do conxunto dos valores dos produtos amparados e, ao mesmo tempo, como reclamo cara o consumidor. O fin último da marca é do da **diferenciación** dos seus produtos e/ou servizos.

A marca, a través do equipo técnico da Reserva, ofrecerá un servizo de asesoramento continuo a todos os seus asociados, tanto en aspectos xenéricos como de cara a atender necesidades particulares ou específicas.

Este asesoramento complementarase con actividades formativas puntuais (cursos, xornadas, seminarios) nas que se abordarán aqueles aspectos máis relevantes e demandados polos asociados e nos que se contará con expertos de contrastada valía e solvencia.

Tamén está a marca “**Reservas da Biosfera Españolas**” desenvolvida pola Organización Autónoma de Parques Nacionais. A Marca de Calidade das Reservas da Biosfera Españolas concíbese coa idea de destacar e diferenciar aqueles produtos artesanais e naturais dos territorios recoñecidos como Reservas da Biosfera, así como os produtos elaborados e servizos dos concellos que pertencen ás Reservas e que contribúen a cumprindo as súas funcións básicas de conservación, desenvolvemento e apoio loxístico, sempre de acordo co plan de ordenación da Reserva correspondente, respectando así as singularidades de cada un deles.

Figura 8. Vista dalgunha das afeccións do territorio



Fonte.: <https://www.marinasetanzos.gal/>

4.6.2. Razas autóctonas

A selo de “100% raza autóctona” é unha marca estatal que ampara as producións e elaboracións de animais de pura raza autóctona. O logotipo “raza autóctona” Galiña de Mos concedese para a carne, os ovos, produtos elaborados, produtos transformados e comidas preparadas con produtos procedentes de esta raza

Figura 8. Selo raza autóctona galiña de Mos



Fonte: http://www.avimos.org/que_es.html

4.6.3. Producción ecolóxica

A produción ecolóxica, biolóxica ou orgánica, é un sistema de xestión e produción agroalimentaria que combina as mellores prácticas ambientais xunto cun elevado nivel de biodiversidade e de preservación dos recursos naturais, está regulada e debe ser certificada por un consello regulador, no caso de Galicia o CRAEGA. O selo de garantía CRAEGA é a etiqueta que demostra que o alimento foi producido de maneira respectable co medio ambiente sen a intervención de elementos, compoñentes ou procesos químicos.

4.6.4. Marcas de calidade alimentaria ou marcas de garantía

No caso de Galicia cóntase coa marca de garantía Galicia Calidade, creada pola Xunta de Galicia, e que conta con normativa propia para a xestión da marca.

Figura 9. Selo do CRAEGA



Fonte: <https://www.craega.es/es/o-selo/>

→ QUEN PODE ACCEDER?

Poderán optar ao selo Galicia Calidade os produtos das empresas:

- Establecidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Que contén con centro de produción en Galicia
- Que transformen os produtos en Galicia

As empresas deben **respectar os pregos de condicións** aprobados por Galicia Calidade para cada sector e **someterse a auditorías** periódicas.



Para os produtores que seguen modelos de produción agroecolóxicos existen outras certificacións que poden resultar de interese, como a certificación DEMETER específica para agricultura biodinámica. En España, a oficina de certificación está xestionada pola

Asociación para la Agricultura Biodinámica en España.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Recursos e ferramentas



5. RECURSOS E FERRAMENTAS

RECURSO	POSIBILIDADES	TIPOLOXÍA
Oficina Virtual Gandeira (OVGAN)	A Oficina Virtual de Gandaría é unha xanela de atención ao sector gandeiro. Permiten consultar información e realizar trámites administrativos. Está dirixida fundamentalmente ás persoas gandeiras, pero tamén a operadores comerciais, integradoras e comercializadoras do sector ou determinados colectivos de veterinarios.	Oficina Virtual
Oficina Virtual do Medio Rural	Ten como obxectivo simplificar a relación da cidadanía e as empresas coa administración no ámbito do Medio Rural, mediante a prestación de servizos online de acceso único. Non se trata dunha sede electrónica, é un portal web con contidos informativos e non se precisa de autenticación.	Oficina virtual
Mapa de emprendemento	<p>Páxina web de Xunta de Galicia con información específica para as persoas emprendedoras</p> <p>https://www.mapaemprendemento.gal/</p> <p>A paxina fornece varios mapas e un directorio de Entidades de Apoio ao Emprendemento, ademais dunha guía de recursos e programas</p>	Buscador
Guías para o desenvolvemento de espazos test agrarios	<p>→ Guía metodolóxica para la creación de un espacio test agrario</p> <p>→ The Farm Incubator Toolkit</p> <p>→ Acompagner la creation des espaces test agricoles</p>	Guías



RECURSO	POSIBILIDADES	TIPOLOXÍA
Guías de xestión cooperativa	Material útil para as diferentes áreas da empresa cooperativa: Contable, Fiscal, Laboral, Organizacional y Social. Unión de Cooperativas (Espazocoop).	Guías
Rede Xatemprego	Conta cun buscador de persoal técnico de apoio e outro de axudas, así como un aula virtual con algúns cursos online de acceso gratuíto.	Buscador de axudas, recursos formativos
Recursos da Rede de Polos de Apoio ao Emprendemento	A Rede oferta unha ampla gama de accións de formación en diferente modalidades de actividades de networking que recollen nun calendario , así como o acceso á ferramenta SIE (Sistema de Intelixencia Territorial, Anexo 6) para o Emprendemento, a bolsa de remuda , o Programa Retorna para persoas galegas retornadas, un conxunto de microguías de emprendemento e un buscador de axudas .	Eventos, buscador de axudas, guías.
Consolida_ES	Ferramentas web do proxecto Laces para a maduración e consolidación de proxectos empresariais no ámbito da economía social. → Plan de empresa + canvas → Plan de mellora (Diagnose de mellora e DAFO e accións de mellora)	Titoriais
AGACA	Accións formativas para o ámbito agroalimentario	Recursos formativos



RECURSO	POSIBILIDADES	TIPOLOXÍA
Red PAE (Red de puntos de atención al emprendimiento)	Facilitan a creación de novas empresas a través dos chamados Puntos de Atención ao Emprendemento (4000 en toda España). Oferta unha aula formativa con vídeos, titoriais, píldoras formativas e infografías sobre temas fiscais, laborais e mercantís.	Buscador, recursos formativos
Plataforma pyme	<p>Ofrece unha serie de ferramentas dixitais tanto para xestionar a actividade empresarial como para fomentar o crecemento da empresa:</p> <p>→ Plan de empresa</p> <p>→ Elección de forma xurídica</p> <p>→ Lenzo modelo de negocio “MODELO CANVAS”</p>	Guías
SEAE (Sociedad Española de Agricultura Ecológica y Agroecología).	Ampla axenda de cursos para a conversión á agricultura ecolóxica, guías, manuais e revistas.	Guías, recursos formativos
Oficina virtual do emprego autónomo	Espazo integral de servizo habilitado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración como instrumento para unificar e potenciar a atención ás persoas traballadoras autónomas que desenvolven a súa actividade en Galicia	Guías, recursos formativos, buscador de axudas.



RECURSO	POSIBILIDADES	TIPOLOXÍA
Catálogo Comercio de produtos artesáns	Catálogo dirixido á descrición dos trámites administrativos necesarios para iniciar unha actividade artesanal, aínda que non se recollen os aspectos relativos á constitución e posta en marcha da empresa nin os vencellados á contratación de persoal e á actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...), tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.	Guía
Ruralidad	Plataforma dixital impulsada pola Fundación Daniel y Nina Carasso en colaboración co Centro de Estudios Rurales y de Agricultura Internacional (CERAI) . O seu obxectivo é facilitar o acceso á produción sostible de alimentos a todas as persoas interesadas neste modo de vida, con especial énfase nos Sistemas Alimentarios Territorializados (SAT).	Guía, recursos, experiencias inspiradoras
Asociación para la agricultura biodinámica en España	Plataforma web con información sobre Agricultura Biodinámica, con acceso a información xeral, recursos formativos e información sobre a certificación DEMETER	Guías, recursos formativos, redes
Asociación de Agricultura Regenerativa	Plataforma web da Asociación de Agricultura Rexenerativa Española , que inclúe o mapa de asociados e información técnica sobre o método rexenerativo.	Mapa, información técnica
Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA)	BOAGA agrupa as asociacións de criadores de razas de gando autóctono de Galicia en perigo de extinción. Desde a súa web accédese ás páxinas das asociacións de produtores das 7 razas de bovino, ovino e cabrún e a de Galiña de Mos	Información técnica





TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Normativa de interese



6. NORMATIVA DE INTERESE

- [Decreto 216/2011](#), de 10 de noviembre, por el que se establecen las normas zootécnicas y sanitarias de las producciones avícolas artesanales y se crea el Registro Gallego de Explotaciones Avícolas Artesanales.
- [Real Decreto 637/2021](#), de 27 de julio, por el que se establecen las normas básicas de ordenación de las granjas avícolas.
- [Decreto 200/2012](#), de 4 de outubro, por el que se regula el Registro de Explotaciones Agrarias de Galicia.
- [Decreto 125/2014](#), do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.
- [Real Decreto 1086/2020](#), de 9 de decembre, por el que se regulan y flexibilizan determinadas condiciones de aplicación de las disposicións de la Unión Europea en materia de hixiene de la producción y comercialización de los produtos alimenticios y se regulan actividades excluídas de su ámbito de aplicación.
- [Real decreto 191/2011](#) de 18 de febreiro, sobre Registro General Sanitario de Empresas Alimentarias y alimentos.
- [Decreto 204/2012](#), de 4 de octubre, por el crea el Registro Gallego Sanitario de Empresas y Establecimientos Alimentarios (Regasa).
- [Real Decreto 348/2000](#), de 10 de marzo, por el que se incorpora al ordenamiento jurídico la Directiva 98/58/CE, relativa a la protección de los animales en las explotaciones ganaderas.
- Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2000).
- [Real Decreto 159/2023](#), de 7 de marzo, por el que se establecen disposiciones para la aplicación en España de la normativa de la Unión Europea sobre controles oficiales en materia de bienestar animal, y se modifican varios reales decretos.
- [Real Decreto 692/2010](#), de 20 de maio, polo que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados a produción de carne.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO